



BANDO - FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2020

Todos os anos por estas datas, este Concello adoita lembrar á veciñanza as normas de mantemento das condicións de seguranza para a queima das fogueiras, lumieiras ou cacharelas de San Xoán, que terán lugar a noite do 23 do mes de xuño.

Nesta ocasión, queda prohibida a realización de fogueiras en espazos públicos. Poderán realizarse en espazos privados, debendo respectarse en todo caso as medidas de seguridade e hixiene recomendadas polas autoridades sanitarias.

Cada fogueira terá un ou varios responsables que deben presentar a solicitude previamente nas oficinas municipais con cita previa no teléfono 982574000 ou por sede electrónica co formulario que atoparan na web valadouro.org. O prazo máximo para comunicar as fogueiras de San Xoán remata o 22 de xuño ás 14 horas.

- O diámetro máximo de zona de combustión da fogueira será de 4 metros de ancho, cunha altura máxima de 2 metros.
- Non se poderán facer fogueiras en lugares próximos a tendidos eléctricos, inmobles, depósitos que puidesen conter material inflamable, masas arbóreas ou calquera outro no que poidan crearse situacións de perigo.
- Non se queimaran aceites, líquidos inflamables, envases con gases, nin outros recipientes ou obxectos que poidan conducir á explosión do seu contido e/ou materiais.
- Prohíbese queimar rodas ou cubertas de goma, plásticos ou calquera material derivado de hidrocarburos, así como materiais ou produtos contaminantes ou tóxicos.
- Non poderán realizar as fogueiras se as condición meteorolóxicas dificultan o seu control, especialmente no suposto de forte vento. Así mesmo, se unha vez iniciada a fogueira comeza a facer vento forte deberá procederse de inmediato a apagar o lume.
- Os responsables da fogueira terán o seu dispor un teléfono móbil en funcionamento, e ante calquera incidencia ou emerxencia poñeranse en contacto de inmediato co CAE-112.

En O Valadouro a 15 de xuño de 2020

O Alcalde-Presidente.

D. Edmundo Maseda Maseda

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

